

Plan de Continxencia

Curso 2021 / 2022

ÍNDICE

1. CONTEXTUALIZACIÓN
2. ACTUACIÓNS PREVIAS ANTE A APARICIÓD DUN ABROCHO
3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL
4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

1. CONTEXTUALIZACIÓN

Segundo o PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID 19 NOS CENTROS DE ENSINO NON UNIVERSITARIO DE GALICIA PARA O CURSO 2021-2022, que foi publicado pola Consellería de Educación, o noso centro educativo elabora de conformidade coas instrucións da autoridade sanitaria un “Plan de Continxencia” conforme as previsións do modelos que aparecen nos Anexos, establecendo as medidas en caso de suspenderse a actividade lectiva, ter que facer efectivo o ensino a distancia e volver a reactivar a actividade lectiva presencial.

O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ao Protocolo citado e ao Plan de Adaptación Covid 19 do CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña as medidas axeitadas e levar a cabo os procesos necesarios nas diferentes situacións.

2. ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓ DUN ABROCHO

- En caso de que alguén da comunidade educativa presente síntomas considerados compatibles co COVID-19 ou ben se atope en corentena domiciliaria non deberá acudir ao centro e permanecer illado para evitar contaxios. Establécese a norma de realizar unha autoenquisa diaria antes de asistir ao centro educativo e poñerse en contacto co Equipo Covid no caso de sospeita.
- En caso dunha sospeita detectada no centro educativo de síntomas compatibles con COVID-19 seguirase o plan de adaptación e continxencia. Tal persoa será levada a un espazo separado de uso individual, colocándoselle unha máscara cirúrxica (tanto a persoa con síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e no caso dun alumno/a contactarase inmediatamente coa familia e as instancias oficiais.
- Chamarase ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia (designado pola Consellería e recollido no Plan de Adaptación), ou ao teléfono de referencia do SERGAS seguindo as instrucións que marquen. Si o afectado/a presenta síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por unha máscara e seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.
- No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita de coronavirus no centro educativo, a persoa coordinadora do equipo COVID (neste caso a Directora)

introducirá os datos na aplicación COVID e contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade para comunicarllo. A Xefatura Territorial de Sanidade investigará os contactos que existan dentro do centro e identificaralos, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos.

- En caso de que a familia teña sospeita de que o fillo/a presenta síntomas compatibles co COVID-19, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra que decidirá sobre necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.
- No caso dun diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, que en función do número de contactos identificados en cada abrocho, decidirá si se mantén o funcionamento do centro de forma habitual ou si se adoptan outras medidas.
- Será a autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación que determine en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena. Estas serán comunicadas ao equipo COVID do centro que avisará á restante comunidade educativa.
- Cabe a posibilidade de que a autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, ordene o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo.
- Si aparece un contaxio sospeitoso con posterior confirmación é obrigatorio que tanto esa persoa como os contactos próximos o declaren e garden corentena polo menos durante 10 días.
- No suposto de suspensión da actividade lectiva presencial aplicaranse as normas previstas no Protocolo e no Plan de Acollida do Centro, así como do presente documento relativas ao ensino a distancia. Para a determinación do nivel de risco, a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

3. ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

- O profesorado impartirá o ensino non presencial ou ben a través dos contidos creados na aula virtual de cada grupo e materia (a partir de terceiro de Educación Primaria), comunicándose coas familias por ABALAR e en Infantil a través da aplicación ClassDojo, por correo electrónico ou teléfono tendo sempre en conta ás familias con dificultades de conexión a rede. A páxina web do noso centro será o principal canle de comunicación entre o centro e as familias. Non só será utilizado a Aula Virtual, senon tamén os diferentes blogues que deron bo resultado o curso pasado.
- Realizaráse un seguimento continuo dos coñecementos adquiridos e traballados de xeito virtual. Os contidos e tarefas serán achegados polo profesorado e poden ser utilizados os que poña a disposición a Consellería.
- O traballo proporase con metodoloxía integradora ou globalizadora e buscarase unha boa coordinación entre os diferentes membros da comunidade educativa.
- Buscarase ofrecer diferentes tipos de actividades de lectura, escritura, resolución de problemas, busca de información, creación artística, xogos, elaboración de proxectos, etc. tendo en conta os diferentes estilos de aprendizaxe do alumnado.
- Para o alumnado NEAE serán adaptadas as propostas co equipo de Orientación que levará a cabo un seguimento especial.
- O equipo COVID do centro identificará e prestará especial atención ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento buscando si é preciso axuda da consellería. Neses casos tentarase buscar fórmulas alternativas de acceso ás actividades e a achega das mesmas aos titores.
- O equipo directivo, profesorado e titores, manterán permanentemente o contacto co alumnado e as súas familias para facer un seguimento da evolución do estado de saúde e poder continuar co ensino a distancia.
- Seguiremos a traballar na mellora das habilidades tecnolóxicas, continuando co traballo na páxina web e aula virtual.
- Dende o equipo de Orientación creouse un blogue con contidos de educación emocional, ao cal se pode acceder dende a páxina web do centro.
- En caso de suspensión de clases manteranse as reunións e os horarios establecidos nos calendarios trimestrais utilizando o medio Webex para facer teleconferencias.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial aproveitarase para actualizar a aula virtual, os blogs e diferentes recursos telemáticos para garantir a

continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

- Realizaranse tarefas de desinfección profundas no centro.
- Revisarase o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- Coordinarase co profesorado implicado as quendas de organización das fases de reincorporación

4. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

Cando finalice o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

O modelo a aplicar será realizado co asesoramento da Consellería de Educación e a de Sanidade. Tendo en conta a premisa anterior tomaremos como base as fases de reincorporación que veñen determinadas no anexo VI do protocolo, recollidas no Plan de adaptación (punto28) e que se concretan da seguinte maneira:

Fase 1: Adecuación dos espazos

Aínda que pode ter unha duración variable, aconséllase que sexa dunha semana. Nesta primeira fase, previa ao reinicio da actividade, o equipo COVID do centro en colaboración coas autoridades sanitarias e educativas, establecerá as actuacións a desenvolver.

- Análise da situación dos espazos e as súas necesidades.
- Desinfección de todos os espazos
- Revisión das medidas organizativas recollidas no plan de adaptación buscando posibles deficiencias.

Fase 2 : Formación de pequenos grupos

A duración prevista volve a ser 1 semana. A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 33 % en grupos de 25 alumnos.

- Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e de hixiene de mans.
- Utilización dos espazos e circulación do alumnado polos corredores do centro.
- Formar ao alumnado nas medidas de distanciamento físico no recreo.-

Informar ao alumnado das novas normas derivadas da pandemia.

-Combinar o ensino presencial e a distancia.

Fase 3: Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos

A duración prevista é de 1 semana.

A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 60 % en grupos de máis de 25 alumnos.

- Comprobar a adquisición das medidas adquiridas en pequeno grupo na fase 2.--
Establecemento de criterios claros de entrada e saída do alumnado de forma progresiva.
- Empregar o ensino presencial para resolver dúbidas respecto aos contidos e tarefas propostas na modalidade non presencial.

Fase 4 : Fase de reactivación

A duración prevista é de 1 semana.

Retorno a actividade presencial da totalidade do alumnado.

- Reforzar e fomentar os hábitos adquiridos nas fases anteriores.
- Disposición en puntos estratéxicos de información visual clara para o alumnado.
- Valorar o grao de adquisición de contidos do traballado na fase non presencial ou semipresencial, para reforzar ou avanzar na programación.
- Volver á dinámica de clases presenciais, pero sen abandonar o emprego da aula virtual para as tarefas e para complementar as aprendizaxes na casa.
- Salientar a responsabilidade de todas as persoas a nivel individual que forman a Comunidade Educativa de contribuír ao cumprimento estrito das medidas de protección implantadas no Plan de adaptación, encamiñadas a controlar e a reducir a transmisión da COVID-19.

A dirección do CEIP Plurilingüe Pepe de Xan Baña remitirá o Plan Continxencia do Centro, xunto co Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2021/2022, aos efectos de que sexa revisado e supervisado polas autoridades competentes.